



CIRCULAR 40-2020

XIII CAMPIONATO DE GALICIA SUB10, SUB12 E SUB14 DE PISTA CUBERTA.

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o XIII Campionato de Galicia Sub 10, Sub12 e Sub14 de pista Cuberta o vindeiro sábado 14 de marzo do 2020 na Pista Cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2).- Poderán participar todos os/as atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual por algún club pertencente á Comunidade Galega.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 10 de marzo do 2020**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar nas inscricións. Non se admitirá ningún atleta que non teña marca acreditada. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.4).- Limitación na inscrición: Cada atleta poderá realizar un máximo de 2 probas (no caso de ser carreiras só unha poderá ser superior a 60).

Art.5).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7).- Para as categorías Sub10 e Sub12 non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada nas probas de velocidade. Para a categoría Sub14 é obrigatorio a saída con catro apoios con ou sen tacos e non se permitirá ningunha saída nula.

Art.8).- Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante poderá realizar 4 intentos.

Art.9).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.



Art.10).- Horario provisional (o horario definitivo publicarase co listado de inscritos).

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO						
XORNADA DE MAÑÁ						
60	Mulleres	Series Sub 14	10.30	Altura	Homes	Sub 14
				Lonxitude	Mulleres	Sub 14
60	Mulleres	SeriesSub 12	10.50	Pértega	H-M	Sub 14
60	Homes	Series Sub 14	11.10			
60	Homes	Series Sub 12	11.30	Peso (3kg)	Homes	Sub 14
			11:35	Lonxitude	Homes	Sub 14
50	Homes	Series Sub 10	11.50	Altura	Homes	Sub 12
50	Mulleres	Series Sub 10	12.10			
			12.20	Peso (1kg)	Mulleres	Sub 10
1000	Mulleres	FINAL Sub 14	12:30			
1000	Mulleres	FINAL Sub 12	12.40	Altura	Homes	Sub 10
				Lonxitude	Homes	Sub 12
1000	Mulleres	FINAL Sub 10	12.50			
1000	Homes	FINAL Sub 14	13.10			
1000	Homes	FINAL Sub 12	13.20	Peso (1kg)	Homes	Sub 10
1000	Homes	FINAL Sub 10	13.30			
60	Mulleres	FINAL Sub 14	13.40	Lonxitude	Mulleres	Sub 12
60	Mulleres	FINAL Sub 12	13.45			
50	Mulleres	FINAL Sub 10	13.50			
60	Homes	FINAL Sub 14	13.55			
60	Homes	FINAL Sub 12	14.00			
50	Homes	FINAL Sub 10	14.05			
XORNADA DE TARDE						
			16.30	Altura	Mulleres	Sub 12
				Peso (2kg)	Homes	Sub 12
				Lonxitude	Homes	Sub 10
60v (0,762)	Mulleres	Semifinal Sub 14	17.00			
60v (0,84)	Homes	Semifinal Sub 14	17.15			
			17.20	Lonxitude	Mulleres	Sub 10
500	Mulleres	FINAL Sub 14	17.30	Peso (2kg)	Mulleres	Sub 12
500	Mulleres	FINAL Sub 12	17:35			
500	Mulleres	FINAL Sub 10	17.50	Altura	Mulleres	Sub 14
500	Homes	FINAL Sub 14	18:05			
500	Homes	FINAL Sub 12	18:20	Triplo	Homes	Sub 14
500	Homes	FINAL Sub 10	18:35	Peso (3kg)	Mulleres	Sub 14
				Altura	Mulleres	Sub 10
60v (0,84)	Homes	FINAL Sub 14	18:50			
60v (0,762)	Mulleres	FINAL Sub 14	19:05			
2.000	Mulleres	FINAL Sub 14	19:10	Triplo	Mulleres	Sub 14
2.000	Homes	FINAL Sub 14	19:25			



SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 5 min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 10min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 25min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas: ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.
Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.11) Marcas mínimas para participar no Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub 14.

	MARCAS REALIZADAS DENDE O 1 DE XANEIRO DO 2019					
	HOMES			MULLERES		
	SUB14	SUB12	SUB10	SUB14	SUB12	SUB10
50	7.20	7.50	8.30	7.35	7.90	8.35
60	8.70	9.00	-	8.70	9.05	-
80	10.70		-	11.20	-	-
500	1.22.00	1.31.00	1.40.00	1.29.50	1.33.50	1.40.50
1000	3.10.00	3.20.00	3.38.00	3.26.00	3.39.00	4.00.00
2000	7.05.00	7.30.00	-	8.03.00	8.15.00	-
60v	12.55			12.75		
80v	15.30			15.50		
220v	35.50			38.50		
1000obs	3.30.00			4.02.00		
Lonxitude	4.60	3.95	3.42	4.25	3.90	3.42
Triplo	9.30			8.85		
Altura	1.42	1.30	1.06	1.40	1.30	1.06
Pértega	1.80			1.50		
Peso	9.55	8.70	8.80	8.8.5	7.00	7.50

*no caso de non haber suficientes atletas con marcas mínimas repescarase ata 16 ou máis tanto nas carreiras coma nos concursos (dependendo do nivel dos inscritos e do tempo destinado a cada proba).



Para aqueles/as atletas que cambien de categoría e que non teñan marca da presente tempada farase a comparativa de marcas coa seguinte táboa (á hora de facer a repesca). No caso de ter algunha marca desta tempada cos novos artefactos ou novas distancias terá que poñer ditas marcas.

			Homes	Mulleres
Sub 12	60	Marca 50	+1,50	+1,50
	Peso	Marca peso 1 kg	-3,30	-3,30
Sub 14	60	Marca 50	+1,40	+1,40
	Peso	Peso 2 kg	2,70	2,70

Art.12).- Altura dos listóns: (publicarase en función das marcas dos inscritos)

Art.13).- A distancia das táboas en lonxitude e triplo decidirse en función das marcas dos/as participantes, ata un máximo de 2.

Art.14).- Durante o transcurso do Campionato, un/a atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificase nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmase a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico.

Art.15).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.16).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2020), RFEA e WA

A Coruña, 3 de marzo de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo